

POR QUE PODE INTERESARME ASISTIR A UN OBRADOIRO 4.0?

<p>QUE É UN OBRADOIRO 4.0?</p>	<p>Un "Obradoiro" é un espazo en que participan empresas relacionadas "cliente-provedor" para compartir problemáticas comúns, formarse e informarse en posibles alternativas a esas problemáticas e explorar solucións compartidas que melloren a todos os participantes e que, posteriormente, IGAPE poida apoiar</p>
<p>POR QUE IGAPE E A NOSA ASOCIACIÓN O IMPULSAN AGORA?</p>	<p>Porque no momento que vivimos, cremos que a mellora dos procesos a través de tecnoloxías SINXELAS, debe ser unha "obsesión" NECESARIA dos empresarios e PORQUE é OPORTUNO, xa que o Igape impulsa e apoia AGORA esas actuacións decididamente: IG239+ IG 240. Primeiro – FASE 1-con "Obradoiros" GRATUÍTOS de análises e sensibilización e logo, para quen corresponda e queira,-FASE 2- con axudas directas para a implantación de melloras.</p>
<p>QUE OBXECTIVOS PERSEGUE ?</p>	<p>Os sistemas e tecnoloxías que se engloban en 4.0 AXUDAN a MELLORAR procesos, reducir CUSTOS, cumprir con requirimentos e sistemas de referencia (por exemplo, TRAZABILIDADE), mellorar CALIDADE... Nos Obradoiros debateranse problemas e necesidades compartidas e analizaranse as solucións tecnolóxicas posibles para priorizalas e, se procede, impulsar nunha fase posterior a súa implantación con axuda do Igape.</p>
<p>COMO FUNCIONA?</p>	<p>Con reunións periódicas (normalmente quincenais) que cobre tres etapas:</p> <ol style="list-style-type: none"> Análises preliminares de necesidades dos participantes: que problemática e necesidades teñen e canto lles custa, aproximadamente o que fan (a través dun cuestionario e algunha eventual reunión se procede) Debates: 3 reunións conxuntas de todos os participantes para poñer en común necesidades, coñecer posibles solucións e debater e/ou priorizar as máis adecuadas no seu caso Preparar un documento de síntese que poida ser a base da axuda a solicitar a Igape no seu caso se así se considera
<p>CANTO ME CUSTA PARTICIPAR?</p>	<p>Nada. É completamente gratuíto. Finánciao o IGAPE ao 100% nesta fase.</p>
<p>QUE OBTEÑO COA MIÑA PARTICIPACIÓN?</p>	<ol style="list-style-type: none"> Coñeceremos de man de expertos tecnoloxías e sistemas 4.0 que poden axudar a mellorar os nosos procesos Recibiremos unha formación xeral sobre 4.0 Saberemos valorar un posible proxecto colectivo (ou individual) para presentar as axudas de Igape IG240 - AXUDAS Á DIXITALIZACIÓN INDUSTRIA 4.0 que poden alcanzar ata o 30% en hardware e o 50% en licenzas ou consultoría informática. Igape prioriza os proxectos colectivos que proveñen de Obradoiros coma os que celebraremos
<p>CANDO SERÁN OS TRABALLOS?</p>	<p>Propóñense CATRO reunións de aproximadamente 2,5/3 horas de duración cada unha</p> <ol style="list-style-type: none"> Mércres 10 de outubro 11.00: Lanzamento do proxecto: Explicación e formación inicial 4.0 (Relator: Álvaro Gómez Vieitez). Xoves 25 de outubro 10.30, 1ª reunión de traballo Xoves 08 de Novembro 10.30, 2ª reunión de traballo Xoves 22 de Novembro 10.30: 3ª reunión de traballo
<p>ONDE?</p>	<p>A primeira reunión será nas instalacións de Viña Costeira en Rivadavia. As demais reunións notificaranse oportunamente</p>